

Carta de Bruxelas

Bruxelles, ma belle

XAVIER QUEIPO

Unha cidade por descubrir

Vai o primeiro parágrafo para lles expoñer a intención desta carta de Bruxelas. Non vou facer un percorrido extensivo pola vida cultural da cidade, como se cadra me pedirón, pois detesto peticións como calquera escritor que non saiba escribir por encargo. Vou expoñer a seguir, daquela, unha percepción persoal da cidade, o que eu sinto e quero desta cidade-babilonia onde resido dende hai case catorce anos.

Teño moita sorte. No primeiro non me dei de conta, angustiado polo cambio de residencia, abraiado pola pléiade de linguas que escoitaba na rúa, aseado polos anuncios en francés e mais en flamengo, pola omnipresencia da publicidade en inglés, afastado do ambiente vigués, de cidade cercada polo mar. No primeiro non me dei de conta, pero agora, pasados os anos sinto de súpeto, como baixo o engado dun lóstrego, que tiven e teño moita sorte. Unha sorte inmensa.

Hai agora unha morea de anos que aquí cheguei coa maleta de emigrante e o único traxe que daquela tiña. Dise deseguida, pero son moitos días de traballo e confusión e moitas noites de insomnio ou sonhos eléctricos, moitos paseos e moitas reflexións que o vento devolve cada tarde. Nestes anos pasei por moitas etapas na miña relación coas linguas que a xente fala e cos mundos de onde a xente vén. No primeiro foi un rexeitamento case autista dos novos modos e maneiras, unha sensación de estar “fóra de” e, se se prefire, “non integrado”, de querer fuxir de regreso á casa-



Foto Cé Tomé

-matriz en canto fose doado. Unha desintegración, unha visión nesgada da sociedade onde me tiña tocado vivir, unha idealización reactiva do pequeno país sen estado, de onde non sei se me botaron ou me invitaron a saír, ou simplemente fixeron que o ar fose irrespirábel, a onde intentei volver coa cabeza chea de ideas e sentín a tiranía dos que non se escoitan senón a eles mesmos, dos que temen perder as súas minúsculas parcelas de poder,

dos que prefiren a inxustiza á desorde, dos que se opoñen por método sen propor alternativas, dos que esperan acubillados no tobo a que morra o patrucio para ensinar as poutas.

Foi na soidade do barrio de Molenbeek onde comecei a escribir regularmente en galego, onde pasei horas sen número a facer exercicios de estilo, pequenas composicións que me deron pulos para artellar contos e historias que logo serían libros. Foron tempos de descuberta persoal e aprendizaxe na vida. Houbo logo un mudar do vento, cando pasei a residir en Saint-Josse-Ten-Noode. Comecei a lle chamar casa, a sentir saudades cando estaba fóra, como se Bruxelas pasase a ser a miña cidade de adopción, a angra acolledora onde me refuxiar das treboadas do destino, a badía protectora onde arranxar os mastros e o velame rachados pola forza dos ventos contrarios.

Bruxelas, a cidade esquizofrénica e unha chisca pailaroca, multiétnica e chea de cicatrices, de pegadas do pasado e de símbolos dos tempos que corren. Bruxelas, o porto desexado, a tolemia dos burócratas, a confrontación das linguas, a anarquía arquitectónica, a humidade pingando nas

Pasear é o exercicio que mellor lle vai a Bruxelas,
 cidade case chá, sen excesos, inzada de pequenos
 xardíns e bosques inmensos, onde un vai descubrindo
 pouco a pouco unha urbe reedificada sobre si mesma

estatuas de bronce de homes dacabalo, de mulle-
 res escualidas, de nenos minúsculos mexando
 auga ou mesmo cervexa, de tráfico subterráneo
 de túneles inmensos, de xardíns ordenados, de
 bosques como mundos, de lagos onde os locais
 gustan de contemplar a evolución estacional de
 patos e parrulos, cisnes e pitas de auga.

Pasear e soñar

Escribía Ernesto Sábato a propósito de Buenos
 Aires no seu traballo estelar *Sobre héroes y tumbas*¹
 un parágrafo que non me resisto a reproducir. Di
 o seguinte, segundo unha tradución liberal da
 miña parte: “Aí estaba agora aquel pequeno mal-
 pocado, un de tantos malpocados naquela cidade
 de naufragos. Porque Buenos Aires era unha cida-
 de que rebulía, como doutro xeito acontece en
 todas as xigantescas e arrepiantes babilonias”. Bru-
 xelas é unha babilonia, certamente, pero nin
 xigantesca (apenas un millón de habitantes) nin
 arrepiante (cidade xentil, cidade para pasear, para
 contemplar, para amar sen freo e con acougo de
 amante ordenado e maduro).

Pasear. Se cadra, pasear é o exercicio que mellor
 lle vai a Bruxelas, cidade case chá, sen excesos,
 inzada de pequenos xardíns e bosques inmensos
 (onde Le Foret des Soignes e Le Parc de Tervuren
 son paradigmáticos), onde un vai descubrindo
 pouco a pouco unha urbe reedificada sobre si
 mesma (como tantas outras, por certo), de con-
 trastes cotiáns entre os espléndidos edificios
 modernistas (legado do arquitecto Barón Horta e
 os seus contemporáneos), das vangardas do mini-
 malismo da década dos setenta (onde se cadra a
 sede central de La Banque Brussel-Lambert na
 Avenue du Toison d’Or resulta emblemática),
 pasando polos edificios dos gremios na Grand
 Place (séculos de arte e dominio da burguesía
 comercial) até as aberracións das décadas finais do
 século XX onde a especulación salvaxe e o funcio-
 nalismo descarnado e frío estiveron a piques de eli-

minar toda traza de arquitectura tradicional. Pase-
 ar e facelo seguindo as pegadas de Julio Cortázar
 cando neno, de Marguerite Yourcenar na idade
 provecta, de Karl Marx cando exiliado e Audrey
 Hepburn no seu retiro, de Paul Verlaine nun deli-
 rio de tristura, de Antonin Artaud nun asilo de
 alienados, de Sico Mansholt argallando a primei-
 ra política agrícola común nunha Comunidade
 Europea aínda nova, de Stefan Zweig en plan
 turista accidental, de Saramago antes do Nobel e
 Borges, Jorge Luis, cego de arrogancia e de carra-
 xe, de Magritte, que imaxinara unha chuvia de
 homes de *chapeau melon* e que conseguira pintar
 as nubes máis bruxelesas que imaxinarse un poida.
 Se cadra tamén a cidade de Baudelaire e Victor
 Hugo (de paso, sempre de paso, escritor compul-
 sivo e océano de excesos).

Pasear e soñar como aqueles asasinados de com-
 passes que Cortázar soñara en *Rayuela*. Soñar en
 amar desaforadamente. Soñar no retorno e na fin
 do afastamento. Soñar mentres se chora de soi-
 dade fonda e separación do berce coñecido. Pa-
 sear e soñar por rúas inzadas de razas e de etnias,
 de ducias de vacas (199 se non contei mal no ca-
 tálogo) que unha pléiade de artistas espallaron
 este verán pola cidade toda, a vaca-Buda e vaca-
 Shiva, a vaca princesa e a recién saída da perru-
 quería, a vaca verde e a vaca hippy, a vaca mexillón
 e a vaca de pedra, a vaca-Mondrian e a vaca de pel
 de relva, a vaca-pomme e a que voa con ás de anxo
 maraqueiro, vaca arlequín e vaca inquisidora,
 vaca mancada polas minas antipersoa e vaca-
 royale, vaca dameiro e vaca pendurada das pou-
 tas dun dragón con ás de morcego. Vacas. Vacas.
 Ducias de vacas que fan lembrar a quen pensar
 quixera no carácter aldeán de Bruxelas. Cidade
 difícil, dura, diría mesmo nun primeiro embate,
 desestruturada e fractal en aparencia e onde o

¹ Ernesto Sábato, *Sobre héroes y tumbas*, Ed. Seix Barral, Barcelona, 1961, 1983.

recén chegado non sente o engado de París, cidade da luz, ou de Roma, cidade aberta, clásica e excesiva na desorde do tráfico, do Berlín renovado logo da unificación xermánica, ou do Londres sempiterno e vangarda cultural de Occidente. Cidade para descubrir de a pouco a pouco, devagar, con lentitude de caracol ou antropólogo erudito (que para o caso é case a mesma lentitude). Cidade para amar como o fan os seres maduros, con elegancia e con tempo.

Pegadas de literatura galega

Voulles contar agora a historia dunha cadea de casualidades. Unha historia que aconteceu ou non, que soñei ou que me foi dado vivir.

Xa vai alá un ano, visitando unha “braderie”, preto da Comuna de Jette, nos confíns de Ixelles, atopei un libro de Otero Pedrayo, unha guía de Santiago², a cidade onde nacín e onde me criei como son. Sentín daquela a proximidade da saudade e o sentimento de distancia, contradición das contradicións do emigrante clásico.

Hai uns meses, na librería Tropismes que se encontra na Galerie du Prince, a miña favorita entre outras cousas porque abre os domingos pola tarde, atopei *Le crayon*³, a tradución do galego ao francés que Ramón Chao fixera do libro de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro*. Foi unha ledicia inmensa, como outras que están por chegar e chegarán co tempo doutros colegas escritores que verán os seus traballos pasados á lingua de Rabelais e Lautréamont (compañeiros tamén de fatigas e traballo).

Cando isto escribo, hai soamente uns días, dei coa tradución ao francés das poesías de Rosalía de Castro. Lembro que estaba con Antón Lopo, escritor e artista galego. Lembro tamén (ando bastante ben de memoria a curto prazo) a reacción dos dous, ao unísono, de coller o libro entre as mans e ir directamente ao índice, de escoller “Negra sombra” e ler o poema nas dúas linguas, para sentir un nó onde se supón o estómago. Lembro tamén que pensei en mercar o libro, se cadra por puro instinto de posesión, pero desistín logo para que alguén anónimo sentise o mesmo pracer que eu sentín.

Hoxe estiven en Orfeu, a librería portuguesa da Rue du Taciturne. Achegueime a un andel que xa de lonxe resultaba coñecido. Alí estaban Casares e Freixanes, Castelao e Ánxel Fole, Rosalía e Otero, e Rivas, por descontado, e Ferrín, e Caneiro, e Suso de Toro e Avilés de Taramancos, e o mestre Cunqueiro, que tanto gozaría nesta terra, e Fernán-Vello, e Alfredo Conde, e Jaureguizar e Pilar Pallarés, e Rosa Aneiros e outros que non cito por esquecemento involuntario (xa dixen que o meu forte era a memoria a curto prazo).

Sensacións que complementan as anteriores, esencia da vida, que pasa e que me fai lembrar, de tanto en tanto, a afastada terra onde nacín e á que para sempre me une un elo real, ás máis das veces invisible.

O tránsito das estacións

Paseando un dáse de conta do tránsito das estacións, marcado por eventos sorprendentes. A primavera retardada co seu agromar súpeto e xentil (que comeza coa Feira do Libro, continúa co Festival de Cinema Fantástico e remata co Brussels Jazz Festival). O verán excesivo, no seu contraste de calores e treboadas súpetas (cando chegan grupos de todo o mundo nos tres días de concertos “Couleur Café”, que toma o seu nome daquela canción inesquecible de Serge Gainsbourg e as reposicións cinematográficas de Écran Total). E logo xa, o comezo do outono, que aquí chega adiantado e brutal (no programa os concertos alternativos de “Les Nuits du Botanique”). Cando xa caeron todas as follas, cando as árbores están espidas, chega o inverno, longuíssimo e escuro, con días minúsculos e interminables noites de chumbo (daquela refuxiámonos na cinemateca, ou no cinema Styx, sobrevivente dos cinemas de barrio, ou nas sesións dos “Midis de la Poésie”, que este ano acadará a súa quincuaxésimo sexta edición).

E así un ano tras outro, con tenacidade de roda que se move por inercia, con variacións suficientes para manter o interese, sen sorpresas maiúsculas na continuidade das actividades culturais, das noites de lecer, das nubes magrittianas que deseñan o paso do tempo. Con tenacidade e con ritmo. As estacións como a vida, que vai avanzando sen sobresaltos nin sorpresas, fluíndo e mudando nesa roda que nos fai avanzar sen que poidamos volver atrás.

Déixenme celebrar estes tránsitos con catro haikus de estación e unha coda intemporal, que espero que lles gusten:



Foto Cé Tomé

*Sátu o sol
abrindo as nubes negras
jé primavera!*

*As nubes azuis
cargadas de tormentas
¡tan magrittíans!*

*Tempo de outono
as follas descenden
a realidade.*

*Pura tenrura
luar tras das nubes
ausencia de neve.*

*A auga do cano
no seu fluír constante
define estacións.*

O meu barrio: Matongé

Escribo agora dende o barrio de Matongé, que toma o seu nome dun barrio de Kinshasa, no Zaire, ou se lembran aínda a denominación colonialista, do antigo Congo belga.

Na confluencia da Chaussée de Wavre e a Rue de la Paix, hai un tránsito especial. Nubios chegados do Sudán, eritreos, senegaleses, xentes do Camerún e de Tanzania, do Zaire, por suposto, de Burundi e Ruanda, da Guinea e Nixeria, de Colombia e Cuba, da Costa de Marfil e do antigo reino do Malí, de Mozambique e Malawi, mestúranse en desorde de linguas e costumes bebendo as súas saudades en La Calabasse e o Savana, no Président e no Virungae nesa media ducia de garitos que ambientan a rúa peonil que lle din da Longue Vie. Unha ducia de ruelas e pasaxes, de galerías e calzadas, onde se amorean perruquerías africanas (delirio de postizos e perrucas, de trenzas e de cores), con tendas nocturnas rexentadas por hindús, restaurantes de moda (que aquí se din “branchés”) e locutorios para chamar aos catro cantos do mundo, colmados onde trafican batatas e bananas, *pili-pili* e fariña de mandioca, peixes sospeitosamente denegridos e óleo de palma, restaurantes turcos e chineses, vietnamitas e mozambicanos veciños porta con porta con *brasseries* tradicionais belgas onde se atopan cervexas brancas, rubias e morenas, negras e a medio fermentar, de cereixa e de framboesa e en harmonía tántrica con bares onde preparan sushi de deseño ou pastas italianas ao máis puro estilo tradicional.

Neste barrio da Comuna de Ixelles, onde están rexistradas máis de cen nacionalidades (medio mundo, como quen di, así, sen pensalo moito) fálase o francés e o flamengo (linguas da nación),

e o suahili e o guaraní, o castelán de acentos diversos e o portugués de África ou do Brasil, o éuscaro e o mandarín, o inglés de corda nixeriana ou o árabe chegado de Exipto ou de Tunicia, o croata e o búlgaro, o polonés e o hindi, o galego e o bretón, o vietnamita e o berebere, o romanés e os distintos creoles que no mundo son, o italiano e o finés, o xaponés e o malaí... e así até unha indefinición total das mensaxes, de xeito que un se cre a cotío navegando na Rosa dos Ventos. Unha delicia para o viaxeiro que son. escoitar rexistros tan diversos sen apenas se mover da casa.

Xustificación final

Se cadra non lles falei do que esperaban, do Atomium como símbolo da modernidade e do meniño mexón (Mennaken Pis), símbolo minúsculo da cidade, nin da grandiosidade arquitectónica de Grand Place e o seu significado masónico, nin dos labirintos da burocracia, nin tan sequera, polo miúdo, do conflito lingüístico e entre institucións autonómicas (neste caso por non procurar similitudes onde maioritariamente diferencias), nin da especulación inmobiliaria, nin dos teatros de monicreques ou de La Mort Subite, a cervexería máis antiga de Bélxica. Outros fixérono antes e farano despois, con máis acerto para captar o estereotipo.

Hei confesar que quedaron por lles contar moitas outras sensacións e querencias que eu teño: os cafés para escribir, onde se alternan os murais surrealistas coa decoración modernista, os paseos en tranvía no medio do bosque que precede á maxia dos xardíns de Tervuren, os mercados coa súa variedade de rexistros (de linguas e mercadorías), a maxia dos canais e os bulevares, das avenidas e os espazos abertos, as prazas recollidas e conviviais, o mudar súpeto do tempo e eses corredores de vento omnipresente. Algún día contarei. Prometido.

Penso, porén, que lles dei unha visión particular da Bruxelas que eu quero, que me foi gañando para si con teimosía de amante experimentada. Doutro xeito non sería posíbel. Podería rematar a xeito de corolario existencial, seino, pero se cadra sexa mellor, simplemente, lembrar o título daquela melodía de Jacques Brel, que por algo está de celebración este ano, *Bruxelles, ma belle* ■

Bruxelas, setembro de 2003

² Ramón Otero Pedrayo, *Saint-Jacques de Compostelle*, Editorial Noguer, Barcelona, 1953, con fotografías de Eugen Haas e do Arquivo Mas.

³ Manuel Rivas. *Le crayon*, colección Folio-Gallimard, París, 2002.